

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 18 de maio de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4.- SUBVENCÍONS

4.2- Bases reguladoras para a concesión de axudas para o pago de subministracións eléctricas do concello de Carballo para o ano 2026. Aprobación.

A subministración eléctrica constitúe un servizo esencial para garantir unhas condicións de vida dignas, facilitando o acceso a necesidades básicas como a iluminación, a climatización, a conservación de alimentos ou o funcionamento de dispositivos médicos e de conectividade. Non obstante, a volatilidade dos mercados enerxéticos e o axuste cara a modelos sostibles nestes últimos anos seguen a supoñer unha carga económica considerable para moitos fogares, especialmente para aqueles en situación de vulnerabilidade.

As dificultades para facer fronte ás facturas eléctricas afectan directamente á calidade de vida da cidadanía, derivando en situacións de pobreza enerxética, un fenómeno que as institucións europeas e nacionais sitúan como unha prioridade estratéxica. Esta realidade agrávase durante os episodios climáticos extremos —cada vez máis frecuentes— e impacta con maior intensidade en familias con menores ingresos, persoas maiores, fogares monoparentais ou persoas con discapacidade.

A consolidación deste programa de axudas á subministración eléctrica pretende dar resposta a esta problemática mediante un mecanismo de apoio económico e técnico que garanta o acceso á enerxía a aquelas persoas ou unidades familiares que máis o precisen. Esta medida, ademais de ter un claro impacto social, contribúe á cohesión territorial, á prevención da exclusión e ao cumprimento da Axenda 2030, en particular dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 1 ("Fin da pobreza") e 7 ("Enerxía asequible e non contaminante").

Por todo o exposto, considérase necesario e urxente o mantemento e reforzo do sistema de axudas ao pagamento da subministración eléctrica. Deste xeito, garántese o acceso universal a un ben básico, promovendo a igualdade de oportunidades e protexendo o benestar do conxunto da poboación no contexto actual de transición cara a un modelo enerxético máis xusto.

No expediente figura a retención de crédito da intervención municipal de data 11/05/2026.

A concelleira delegada de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, asina a proposta de acordo o día 12/05/2026 no expediente 2026/A002/000006

A Xunta de Goberno Local, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante a resolución número 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o pagamento de subministracións enerxéticas do Concello de Carballo para o ano 2026, que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O PAGO DE SUBMINISTRACIÓNS ENERXÉTICAS DO CONCELLO DE CARBALLO PARA O ANO 2026.

Un dos principais indicadores para medir a pobreza enerxética segue a ser o atraso no pago das subministracións básicas do fogar —electricidade, gas, calefacción ou auga quente—, así como as situacións nas que as persoas ou familias xa non poden facer fronte a estes gastos esenciais por falta de recursos económicos.

No contexto económico e social de 2026, marcado pola persistencia da inflación e o encarecemento sostido dos

prezos da enerxía derivado da **inestabilidade xeopolítica e os conflitos bélicos internacionais**, moitos fogares enfróntanse a dificultades crecentes para manter condicións de confort térmico e vivir con dignidade. Esta realidade afecta especialmente a fogares con menores ingresos, familias monomarentais, persoas maiores con pensións mínimas e outros colectivos en situación de vulnerabilidade.

Co obxectivo de paliar as consecuencias desta crise e garantir o acceso a servizos básicos, o **Concello de Carballo** convoca estas axudas. Estas medidas municipais completan as medidas estatais dirixidas á protección das persoas consumidoras vulnerables, entre as que destacan o **Bono Social Eléctrico**, regulado pola **Lei 24/2013**, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico; desenvolvida polo **Real Decreto 897/2017**, do 6 de outubro, e pola **Orde ETU/943/2017**, do 6 de outubro; así como o **Bono Social Térmico**, regulado polo **Real Decreto-lei 15/2018**, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores. Todo iso conforme ás actualizacións e medidas de protección extraordinaria vixentes para o exercicio **2026** no marco do escudo social estatal.

Primeira.- Obxecto e réxime da subvención:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas de tipo social destinadas a axudar ás familias máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social do Concello de Carballo a facer fronte ao pago de subministracións enerxéticas (electricidade e gas).

A regulación destas axudas realizarase mediante o procedemento de **concorrenza non competitiva**, segundo o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos xerais:

- a- Persoas maiores de 18 anos ou menores emancipados/as.
- b- Empadroadas en Carballo nos últimos 6 meses anteriores á convocatoria da axuda.

Ademais destes dous requisitos deben cumprir alomenos un destes:

c- Ser **titulares do contrato de subministración eléctrica da vivenda habitual** e estar **acollidas ao Bono Social de Electricidade** das diferentes comercializadoras de referencia, **durante un período continuado mínimo de tres meses inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria** da presente axuda.

A persoa solicitante e/ou titular do contrato debe acreditar que reside de xeito efectivo no municipio mediante a súa alta no padrón de habitantes no momento da solicitude. Dita condición, tanto de titular como de residente, deberá manterse mentres dure a tramitación da axuda.

d) Acreditar que a persoa solicitante ou calquera das persoas convivintes recibiron osixenoterapia domiciliar durante, polo menos, os 6 meses anteriores á publicación desta convocatoria.

e) Acreditar que a persoa solicitante ou calquera das persoas convivintes recibiron diálise peritoneal domiciliar durante, polo menos, os 6 meses anteriores á publicación desta convocatoria.

Terceira.- Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 2310.48901 "Axudas a particulares", ata un máximo de 30.000 euros.

Cuarta.- Contía

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será de **200 euros, nun único pago**.

Quinta.- Solicitudes, prazos, lugar de presentación e documentación.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a través da BDNS.

2. As solicitudes poderán presentarse telematicamente, a través do enderezo <https://sede.carballo.gal/opencms/es> ou presencialmente en calquera dos Rexistros do Concello de Carballo.

3. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado.

4. Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

- a. Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
 - b. Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
 - c. Copia das 3 últimas facturas da subministración eléctrica onde apareza recollido ser beneficiario/a do Bono Social. As 3 facturas serán as emitidas ata o mes anterior á convocatoria da axuda.
 - d. Copia das 3 últimas facturas de subministración eléctrica para as persoas que reciban osixenoterapia ou diálise peritoneal. As 3 facturas deberán ser emitidas ata o mes anterior á convocatoria e reflectir un consumo mínimo que determine unha facturación mensual igual ou superior a 20 euros/mes.
 - e. Certificado da conta bancaria onde a persoa solicitante da axuda conste como titular
- f.- Informe médico coa prescrición de Osixenoterapia e/ou diálise peritoneal domiciliaria, no seu caso, onde conste a data dende a que recibe o tratamento no seu domicilio.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidese ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, o Concello de Carballo poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

En caso contrario, terán que ser rexistradas pola propia persoa solicitante a través dos medios electrónicos válidamente recoñecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Área Servizos Sociais do Concello de Carballo, con cita previa, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.-Procedemento de concesión de axudas e notificación.

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase nun único acto, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A instrución do procedemento corresponde aos servizos sociais municipais.

De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, comezase a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que se cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, que se indicará no informe proposta de servizos sociais, previo á concesión.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderalle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

En todo caso, non se admitirán a trámite, dítase a resolución de inadmisión e arquivaranse as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

O acordo de concesión provisional notificarase aos interesados mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Carballo(Praza do Concello S/N) e na páxina web do Concello de Carballo na data seguinte a da aprobación polo órgano competente.

Concederase un prazo de 15 días naturais para presentar alegacións.

Sétima.- Xustificación da subvención e pago de subvencións.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia na persoa beneficiaria da circunstancia acreditada de ser maior de 18 anos ou emancipada, empadroada en Carballo e ser beneficiaria do Bono Social de Electricidade, non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que

motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

Nos casos de osixenoterapia e diálise domiciliaria, será condición indispensable, que a persoa que teña prescritas as terapias esté empadroada no mesmo domicilio que a persoa solicitante da axuda.

O Concello de Carballo poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto.

O pago das subvencións concedidas realizarase mediante transferencia bancaria, ao número de conta acreditado pola persoa solicitante.

Oitava.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

Novena.- Protección de datos

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable dos datos recollidos será a Concellaría de Servizos Sociais, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Servizos Sociais comprométese a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico lopd@carballo.orgou chamando ao tfno. 981 704 703

Décima. - Normativa Supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de trinta mil euros (30.000,00 €) segundo o seguinte detalle:

OBXECTO	PROGRAMA/ECONÓMICA	IMPORTE	RC (N.º OPERACIÓN)
CONVOCATORIA AXUDAS PARA O PAGO SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA	2310.48901	30.000€	220260003959

Terceiro.- Aprobar o formulario de solicitude segundo o modelo:

Axudas para o pago de subministracións enerxéticas no Concello de Carballo 2026

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL							

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO
DATOS DA SUBMINISTRACIÓN		
COMERCIALIZADORA DE ELECTRICIDADE/GAS	NIF DA PERSONA TITULAR (deberá coincidir coa persona solicitante)	
REFERENCIA DA SUBMINISTRACIÓN	CUPS (Código unificado de punto de subministración)	

DECLARACIÓN XURADA
<p>O/A solicitante declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos por esta, que se atopa ao día das súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, que non ten ningunha débeda co Concello de Carballo e que son certos os datos que constan na solicitude.</p> <p>Así mesmo declara que:</p> <p>Non ten solicitado ningunha outra axuda para a mesma finalidade</p> <p>Ten solicitado outra axuda para a mesma finalidade, aos organismos que se indican:</p>

AUTORIZACIÓN
<p>As persoas asinantes autorizan ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos declarados na solicitude ou facer as consultas que procedan. Expresan igualmente o seu compromiso de informar ao Concello de Carballo sobre a concesión de calquera outra axuda pública ou privada para a mesma finalidade.</p> <p>Si autorizo ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos</p> <p>NON autorizo ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos</p>

Asdo.

Carballo a _de _____ de 2026

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
Copia do DNI, ou documento identificativo (só no caso de non autorizar a consulta)
Copia do certificado de empadramento do/a solicitante (só no caso de non autorizar a consulta)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2026/G007/000010

<i>Copia das 3 últimas facturas de subministración eléctrica onde aparece recollido ser beneficiario/a do Bono Social</i>
<i>Informe médico coa prescrición de Osixenoterapia e/ou diálise peritoneal domiciliaria con data de inicio do tratamento domiciliario</i>
<i>Certificado da conta bancaria onde a persoa solicitante da axuda conste como titular</i>

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, que o Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100-CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal:

1.- **Dpd:** O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é a empresa APDTIC Profesionales, SL, co que poderá contactar na conta de correo dpd@carballo.gal.

2.- **Finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para prestar servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión dos mesmos.

3.- **Lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.- **Destinatarios de cesións:** CONCELLO DE CARBALLO poderá ceder os datos de carácter persoal ós profesionais dou tros organismos cos que se coordinan para a correcta resolución do expediente. No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- **Dereitos:** CONCELLO DE CARBALLO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en dpd@carballo.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade

Asdo.

Carballo, ___ de _____ de 2026

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde